



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

27 de xuño de 2007

Nº 9

## METEOROLOXÍA

Semana con precipitacións moderadas (chaparróns intermitentes intercalados con claros) e mantemento das temperaturas respecto a semana pasada, por debaixo dos índices medios do período. Humidade relativa elevada.

As previsións apuntan a un lixeiro repunte das temperaturas. As precipitacións dispersas con posibles chaparróns podernase manter, principalmente entre o Sábado e o Luns.

Mantéñense as condicións de risco de infección por fungos nos cultivos.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio**

J (callado ata uvas tamaño "perdigón"-guisante)

#### **Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

Aparecen danos importantes por Mildiu (*Plasmopora viticola*), tanto en acios como en folla, debido as condicións idóneas para o desenvolvemento do fungo e a dificultade de realizar tratamento con ausencia de precipitacións.

Aparecen tamén os primeiros danos por Oidio (*Uncinula necator*).



da Suste



Danos por Mildiu (*Uncinula necator*) en follas e acios.



Danos por Oidio (*Uncinula necator*) en acios.



**segue D. O. Rías Baixas**

**Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas** (ven da páxina anterior)

Leve aumento das poboacións de Araña vermella (*Panonychus ulmi*) e Mosquito verde (*Empoasca vitis*), sen chegar en ningún caso os umbrais de tratamento. Comenzo do voo da 2ª xeración da Avelaíña do acio (*Lobesia botrana*).

**Coidados culturais**

Recoméndase guiar a vexetación polo forte crecemento das plantas nesta época. Así mesmo, tanto en espaldeiras coma en emparrado, é importante non esquecer realizar o despunte cando sexa necesario para evitar as "cortinas" nos laterais das mesmas e comenzo das labores de desnetado.

Recoórdase que é importante controlar o desenvolvemento da vexetación espontánea para mellorar o microclima da parcela.

**Recomendacións da semana**

Mantemento do control de mildeu con cadencias curtas de 10-12 días (en función da agresividade tomar os valores máis curtos), respecto do último tratamento realizado dadas as condicións idóneas para o desenvolvemento do fungo.

En viñedos con crecemento vigoroso da vexetación as aplicacións con fitosanitarios de acción sistémica todavía é recomendable. Nos demais casos, pódense xa aplicar os de acción penetrante ou de contacto. Recórdase a necesidade de alternar as materias activas utilizadas na campaña.

Non esquecer a protección contra o Oidio xa que prevese un aumento de súa incidencia.

**D. O. Ribeiro**

**Estado fenolóxico medio**

**K** (gran tamaño guisante).

**Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

Seguen aparecendo manchas de Mildiu en follas, chegando a afectar, de xeito puntual, a acios. Igualmente, aparecen, de xeito localizado, síntomas de ataque de Oidio en acios. Non se produciron novos ataques de Black-rot (*Guignardia bidwellii*).

**Recomendacións da semana:**

Mantéñense as mesmas da semana pasada. Recoméndase renovar o tratamento fronte a Mildiu cando remitan as precipitacións. A previsión é que a presión da enfermidade se manteña e incluso que aumente coa subida da temperatura. No caso de que haxa manchas de Black-rot, aplicarase un tratamento preventivo para ambas enfermidades.



[sigue D. O. Ribeiro](#)

**Recomendacións da semana** (ven da páxina anterior)

Non esquecer realizar a operación de enramado da vexetación nas gavias e a eliminación de chupóns.

### **D. O. Ribeira Sacra**

**Estado fenolóxico medio**

**K** (gran tamaño guisante) / **J** (callado).

**Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

Aparición de novas manchas en folla de Mildeu. Con moita menos presenza se manifestaron os síntomas en acios. Non se reproduciron as manchas de Black-rot. Prodúcese xa ataques dispersos de Oidio.

**Recomendacións da semana**

As mesmas que para O Ribeiro.

### **D. O. Valdeorras**

**Estado fenolóxico medio**

**J** (callado) / **K** (gran tamaño guisante).

**Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

As mesmas que para o Ribeiro.

**Recomendacións da semana**

As mesmas que para O Ribeiro.

### **D. O. Monterrei**

**Estado fenolóxico medio**

**J** (callado) / **K** (gran tamaño guisante).

**Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

As mesmas que para a Ribeira Sacra.

**Recomendacións da semana**

As mesmas que para O Ribeiro.



## MACEIRA

### **Estado fenolóxico medio**

**J** (froitos en crecemento: tamaño cereixa a noz).

Nas zonas do sur de Galicia o tamaño pode superar xa os 40 mm.

### **Incidenias fitopatolóxicas máis destacadas**

Os danos por Moteado (*Venturia inaequalis*) son patentes en folla e froito naquelas plantacións con variedades sensibles sen protección con fitosanitarios. Estes danos materanse xa nas mazás afectadas ata o final da campaña.

Non deixar de vixilar a evolución da Araña vermella (*Tetranychus urticae*), xa que encóntranse moitas formas móbiles entre o fallaxe en árboles sensibles e ou cun forte ataque na campaña pasada.

Mantéñense os ataques dispersos de Pulgón verde (*Aphis pomi*) e Pulgón cincento (*Dysaphis planataginae*) nos pequenos froitos e gromos.

### **Recomendacións da semana**

É importante cortar os ataques recentes do Moteado en folla (manchas negras aceitosas). Se utilizarán produtos de contacto. Recórdanse as recomendacións da semana pasada: o cobre é un bo produto contra o Moteado nesta época pero en dosis moi reducidas. Debe terse moi en conta que pode ser fitotóxico para algunhas variedades de maceira e pereira, polo que, se non se conoce o efecto sobre as castas que temos na plantación, convén consultalo antes.

Coa subida das temperaturas que se espera, acelerarase o desenvolvemento do ciclo da Araña vermella. Convén estar atento ao nivel de plaga e á climatoloxía para, no caso que sexa necesario, aplicar un acaricida.

Observar o nivel de fauna beneficiosa tendo sempre a precaución de utilizar insecticidas poco agresivos contra ela. Isto permitiranos controlar máis eficazmente outras plagas (pulgóns e ácaros principalmente).

## PATACA

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase de floración con parcelas no estadio de tuberización. Nas zonas con máis altitude o ciclo está lixeiramente adiantado respecto a zona da lagoa.

As condicións son óptimas para o ataque de fungos, polo que é imprescindible protexer o cultivo fronte ao mildiu. No caso de que se detecten síntomas na rama deberase recurrir a materias activas de carácter curativo, ademáis das preventivas, xa que o risco de ataque manterase a medio prazo.

Noutras zonas da provincia de Ourense, o ciclo do cultivo está moito máis adiantado, atopándose na fase de tuberización.



## HORTA

### Horta en A Limia

#### **CEBOLA**

- Coa data de transplante en marzo/abril, estase no inicio de formación do bulbo/engrosamento do bulbo.
- Coa data de transplante en maio, estase na caída da 1ª folla/inicio de formación do bulbo.

Como noutros cultivos, hai risco por ataque de fungos. Recoméndase tratar de xeito preventivo contra Mildiu e Botrite.

Ata agora a meteoroloxía non facilitou o desenvolvemento das pragas que afectan ao cultivo, polo que non se recomenda ningún tratamento.

#### **REPOLO**

A planta ten unha media de 6-8 follas.

Recoméndase dar un tratamento preventivo contra Mildiu, aplicando produtos que conteñan materias activas de carácter sistémico e de contacto.

Non se alcanza o umbral de tratamento contra plagas, polo que non se recomenda tratar. De calquera xeito, convén manter vixiado o desenvolvemento da poboación dos patóxenos por si fora necesario tratar.

### Horta na zona das Rías Baixas – O Rosal

#### **Incidencias máis destacadas**

Mildeu e Oidio en Tomate.

Oidio en Pemento. Síntomas: aspecto de necrose baixo as follas e clorosis no haz a mesma altura.

Fortes ataques do Mildeu da pataca e na Cebola.

Botrite en Xudía e Leituga.

Enfermedades da raíz en Tomate (raíz corchosa e Phytophthora sp).

Non esquecer manter vixiadas as plagas Trips, Mosca branca e Eirugas.

Danse máximos de capturas nas trampas de seguemento dos voos da Polilla da pataca.

#### **Recomendacións**

En pataca recoméndase tratar o Mildeu e a Polilla, procurando que os fitosanitarios penetren na vexetación.

En cebola recomendase tratar o mildeu.



## OUTRAS INFORMACIÓNS

### Retirada de matarias activas

Co obxecto de reducir as agresións que sofre o medio co uso dos pesticidas contra pragas e enfermidades dos cultivos no territorio comunitario, a Unión Europea esta procedendo á revisión das materias activas empregadas en aplicación da Directiva 91/414/CE.

Esto supón a eliminación dun número importante de insecticidas, funxicidas, etc. do mercado, o que plantexa algúns problemas aos labregos e técnicos, xa que supón a necesidade de buscar outros fitosanitarios ou solucións contra a praga ou enfermidade que se trate de controlar.

Estas revisións comunitarias son periódicas e dependen dos estudos e informes técnicos e científicos que diferentes estamentos (Universidades, Centros de investigación, Fundacións, Servizos de Defensa Sanitaria dos Cultivos, Servizos de Sanidade Pública, etc), públicos ou privados, realizan sobre as diferentes materias activas. Por tanto, tratase dunha revisión constante sempre co obxectivo de reducir as agresións ao medio (fauna acuícola ou terrestre, augas continentais ou non, danos inaceptables na flora, etc) que, en definitiva, benefician a todos.

Recentemente notificárase a data límite de venta e uso de algunhas materias activas, entre elas:

Fosalone: límite de venta e uso – 22/01/08.

Carbaril: límite de venta – 21/07/08 e límite de uso – 21/11/08.

Tricorfón: límite de venta – 21/07/08 e límite de uso – 21/11/08.

O último listado de sustancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas, excluídas e en revisión comunitaria pódense consultar na páxina da Consellería do Medio Rural:

<http://mediorural.xunta.es/agricultura/sanidade/subs.php>

### Dosis e prazo de seguridade dos praguicidas

É moi importante respetar a dosis e o prazo de seguridade dos praguicidas que recomenda a etiqueta do envase en todos os casos, tanto se se trata de produtos para o consumo propio como os de destino ao mercado. A todos vainos a saúde niso.